



MOCIÓN PARA ELABORAR UN PLAN DE ACCIÓN LOCAL DE VIVENDA E QUE OPTAR A UNHA VIVENDA EN NARÓN NON SEXA UN LUXO

Olaia Ledo Díaz, portavoz municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Narón, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en pleno :

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai ano e medio comezabamos unha moción co seguinte enunciado “O acceso á vivenda constitúese nun dos máis graves e importantes problemas sociais en Narón. Tanto polo prezo da vivenda; a situación de alugueiros fora da legalidade que rematan sendo vivendas da SAREB; a suba do prezo nos últimos dous anos; falta de vivenda social en réxime de alugueiro da Xunta de Galiza; ausencia de plan de acceso de vivenda xuvenil e un longo etcétera. O continuado encarecemento dos alugueiros que aumentaron os seus prezos un 8, % no último ano (segundo os datos recollido no Observatorio de Vivenda de Galiza, un 16,67% en pisos e un 25,61% en vivendas unifamiliares entre 2017 e 2022 (datos recollidos do Ministerio de Vivenda e Axenda Urbana) débese, en boa medida, pola inacción da Xunta de Galiza e, tamén, pola falla de resposta do actual Goberno municipal”

Nese pleno, para sorpresa do noso grupo municipal, na defens do goberno afirmouse que Narón era o lugar máis barato para acceder á vivenda cando, xa daquela, era máis elevado que a propia cidade de Ferrol. Na actualidade anunciáronse a construción de vivendas sociais (non en alugueiro) por parte da Xunta e, sendo isto unha nova positiva, na realidade non alivia a situación dos prezos de vivenda onde os prezos, lonxe de diminuír volveron subir este ano sendo inviábel para moitas familias; persoas que queiran independizarse sen ter que compartir piso; ou conseguir que o prezo do aluguer non leva gran parte da nómina de cada quen. Isto é insostible e, desde o concello, pódese facer moito máis.

Hoxe temos máis dun 18% da vivenda en Narón en estado de abandono segundo o INE pero seguimos sen unha bolsa de vivendas en alugueiro aos que a veciñanza poida acceder desde medios públicos. Con isto e nunha situación noutras vilas e cidades de Galiza, a única solución da Xunta é axeitar baixos comerciais a vivendas sociais. É dicir, facer cidadáns de primeira (os que se poden permitir pagar unha vivenda digna con grandes esforzos e habilitados/as para tal fin) e vivendas sociais inseguras para beneficio de empresas especuladoras dun ben recollido coma un dereito na propia Constitución. Desde logo o BNG non está por esas e é máis, miramos con preocupación que o actual goberno de Narón non cumprira ningún dos acordos da moción que presentamos no pleno de Abril de 2024 que contiña sete puntos que ían desde o carácter informativo para a veciñanza ao regulador para instar á Xunta e modificar o PXOM con medidas factibles que o propio concello podía facer para paliar a actual

situación que vive o noso concello. Só a de destinar a vivenda social no PXOM estaba e está entre os acordos cumpridos.

POR TODO ISTO, RECLAMAMOS OS SEGUINTE ACORDOS:

1. Instar á Xunta de Galiza e ao Goberno español cooperación e , no exercicio das súas respectivas competencias, adoptaren todas as medidas necesarias para frear o aumento dos prezos da vivenda, nomeadamente en réxime de alugueiro, e facilitar o acceso social á vivenda en condicións dignas.
2. Instar ao goberno municipal a dotar as seguintes medidas:
 - A) Elaborar un informe técnico e un plan de acción local para actualizar os datos de vivendas abandonadas en Narón e que contemple as recuperábeis. Falar cos e as propietarias para animalos a entrar nunha bolsa de alugueiro que facilite a situación.
 - B) Habilitar unha oficina de atención en Urbanismo no concello de Narón que informe das axudas autonómicas e xerais en materia de vivenda. Esa oficina denominarase publicamente Observatorio Local de Vivenda e valerá de monitorización pública da evolución do mercado inmobiliario en Narón.
 - C) Cumprir co acordo plenario de abril de 2024 e poñer en marcha un Plan Municipal Facilitador do Alugueiro en Narón que inclúa un plan de acceso á vivenda xuvenil e, entre outras medidas, facilite unha liña de axudas municipais para anticipar os pagos das fianzas e permitir a súa devolución en 24 meses sen xuros, destinada especialmente para a mocidade e persoas con baixos recursos.
 - D) Demandar desde o concello ao goberno español a cesión por parte SAREB de parte das vivendas das que é titular en Narón para a súa inclusión nun parque de vivenda social e non volvan acontecer casos como os das vivendas de Piñeiros.

Narón, 22 de Outubro de 2025